Acta da sesión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, do día 10 de outubro de 2024

[PLG/MCVR]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos,** o día **10 de outubro de 2024, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Carmen María Pomar Tojo
(Presidenta)
José Luis Ferro Iglesias
(Vicepresidente)
Paulo Ríos Santomé
(Secretario)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Victor Manuel Baladrón Lamas
(en substitución de Cristina Campero Dorado)
María Deza Martínez
Rubén Lorenzo Gómez
Argimiro Marnotes Fernández
Roberto Rodríguez Martínez
Gonzalo Trenor López
Katherinie Varela Fernández
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Xosé Luís Bará Torres
Alexandra Fernández Gómez
Montserrat Valcárcel Armesto
Sonia Vidal Lamas
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Paloma Castro Rey
Carlos López Font
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Propoñente:
Don Iago Suárez Fernández (BNG)

Comparecentes:
Director da Axencia Galega de Infraestruturas-AXI

Letrada:
Purificación López Gómez

.../...

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle a Xosé Luís Bará Torres, que actúa en funcións de secretario mentres non se incorpora a sesión o seu titular, que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución así como as substitucións pertinentes. Logo da súa constatación, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

O secretario abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento.

Punto 1. Pregunta

1.1 11408 (12/POC-001923)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Valcárcel Armesto, Montserrat e 3 máis
Sobre a situación das estradas da provincia de Lugo LU-530, LU-612 e LU-232 no que concirne á seguridade viaria de peóns e vehículos e a valoración que fai a Xunta de Galicia das demandas da veciñanza nesa materia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 92f2, do 26.09.2024

A Presidencia concédelle a palabra a **señora Valcárcel Armesto, Montserrat (BNG)**, quen expón os motivos nos que se basea a formulación das cuestións concretas que figuran na iniciativa, ampliando os que se conteñen na súa publicación no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle o **director da Axencia Galega de Infraestruturas-AXI (Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas) Francisco Menéndez Iglesias.**

En rolda de réplica a **señora Valcárcel Armesto (BNG),** manifesta a súa insatisfacción e inquedanza ante a información facilitada e expón diferentes consideracións a respecto dela.

O **director da Axencia Galega de Infraestruturas-AXI, Francisco Menéndez Iglesias,** pecha o debate desta iniciativa puntualizando os datos amosados na súa anterior intervención e ampliando información sobre algunhas cuestións concretas ás que fixo referencia a señora deputada na súa intervención inmediatamente anterior.

A Presidencia agradece a presenza do señor Menéndez Iglesias nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse, xa que non ten mais preguntas ás que teña que dar resposta.

Punto 2. Proposicións non de lei

PARLAMENTO DE GALICIA

2.1 700 (12/PNC-000061)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe facer ao Goberno central co obxecto de que a Confederación Hidrográfica Miño-Sil teña en conta a nova regulación urbanística autonómica á hora de emitir os seus informes sectoriais preceptivos á planificación municipal, especialmente aos plans básicos municipais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 9f2, do 11.04.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Deza Martínez, Maria (P),** que pasa a dar conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar a **señora Castro Rey, Paloma (S)**, -*Armando Ojea Bouzo (M), declina facer uso da mesma*- quen, logo de expoñer diversas consideracións discrepantes coa proposta formulada, defende a postura do seu grupo sobre este tema.

Nesta mesma rolda a **señora Fernández, Gómez, Alexandra (BNG),** tras deixar constancia das súas argumentacións á respecto da iniciativa, matiza moitas das afirmacións realizadas pola propoñente.

Na rolda de puntualizacións a **señora Deza Martínez (P),** tras rexeitar moitas das argumentacións expostas polas voceiras que a precederon no uso da palabra, defende a importancia desta proposta.

2.2 4223 (12/PNC-000519)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos
Sobre determinadas medidas que o Goberno galego debe adoptar co obxecto de mellorar a política de protección da biodiversidade en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 31f2, do 29.05.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha autoemenda de modificación (doc. núm. 12930), e unha emenda de adición por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 12948), das que obvia a súa lectura dado que se remitiu copia aos distintos portavoces.

Deseguido concédelle a palabra á **señora Castro Rey, Paloma (S)**, quen, tras xustificar a autoemenda, procede á defensa e formulación da iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG que anteriormente se cita.

PARLAMENTO DE GALICIA

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén o **señor Bará Torres, Xosé Luis (BNG),** quen, logo de anunciar o apoio a esta proposición non de lei, pasa a defender a emenda de adición presentada polo seu grupo que considerar complementa a devandita proposta.

Na rolda de grupo parlamentario non emendante, intervén en primeiro lugar o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** para amosar o apoio do seu grupo a esta proposición non de lei.

Intervén polo **G.P. Popular de Galicia o señor Trenor López, Gonzalo,** quen, tras rebater moitas das argumentacións expostas pola señora propoñente, xustifica o rexeitamento da iniciativa por parte do seu grupo parlamentario, ao tempo que valora positivamente os traballos que se están a levar a cabo dende o Goberno galego.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada a **señora Castro Rey, (S)** tras incidir na importancia desta iniciativa, critica a intervención do voceiro do G.P. Popular de Galicia e posibilita unha transacción co texto da autoemenda e da emenda presentada polo G.P. Bloque Nacionalista Galego, á que pasa a dar lectura:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Ampliar o catálogo galego de especies ameazadas e aprobar os plans de conservación e recuperación de especies ameazadas que aínda non contan con este instrumento de xestión, comezando por aqueles plans que contan con documento técnico de base.

2. Delimitar e ampliar o territorio considerado Áreas Clave para a Biodiversidade.

3. Presentar no Parlamento os informes de seguimento periódico para a avaliación do estado de conservación de especies ameazadas.

4. Levar a cabo campañas para o coñecemento e implicación social na conservación destas especies e do territorio no que habitan."

2.3 11585 (12/PNC-001103)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Fernández, Iago e 2 máis
Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun arranxo íntegro da LU-651 antes de que remate o período de sesións e a garantía de seguridade no transporte escolar do concello de Folgoso do Courel
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 91f2, do 25.09.2024

O **señor Suárez Fernández, Iago (BNG),** procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso con ampliación das argumentacións que dela se fan por escrito e que aparecen publicadas no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA

A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor López Font, Carlos (S)**, -*o señor Ojea Bouzo (M), declina facer uso da mesma*- quen, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, anuncia o voto favorable do seu grupo á mesma e amosa o seu desacordo coa emenda "in voce" do G.P. Popular de Galicia (*repartida a todos os grupos parlamentarios ao comezo da sesión*).

En segundo lugar intervén a **señora Varela Fernández, Katherinie (P**), quen, tras expoñer diversas consideracións a respecto das anteriores intervencións, xustifica os motivos polos que o seu grupo propón a emenda "in voce" que pasa a defender, lamentando non tela presentado en tempo e forma, pero dá que todos teñen unha copia.

Na rolda de puntualizacións o **señor Suárez Fernández, Iago (BNG**), comeza a súa intervención tratando de poñer un vídeo a través do seu teléfono móbil, cuxa emisión non autoriza a Presidencia, sen prexuízo que llo pase aos grupos parlamentarios.

O señor deputado continúa a súa intervención facendo referencia ás intervencións dos voceiros que o precederon no uso da palabra e sinala que non se opón a admisión da emenda "in voce", pero argumenta as razóns polas que non a vai aceptar, destacando que desvirtúa a propia iniciativa.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

2.1 700 (12/PNC-000061), do G.P. Popular de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **aprobado** por:

Votos a favor:..... 10 (GG.PP P+M)
Votos en contra: ..... 2 (G.P. S)
Abstencións: ..... 5 (G.P. BNG)

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, á vista da problemática global e xeneralizada na totalidade dos concellos afectados, teña en conta a nova regulación da normativa urbanística á hora da emisión dos informes sectoriais preceptivos á planificación urbanística municipal, nomeadamente, dos plans básicos municipais, co fin de desbloquear a situación de inseguridade xurídica que preside neste momento.»

2.2 4223 (12/PNC-000519), do **G.P. dos Socialistas de Galicia.** Sométese a votación a transacción acadada coa emenda do G.P. do Bloque Nacionalista Galego da que son coñecedores os grupos (doc. 12948) que resulta **rexeitada** por:

Votos a favor:..... 8

PARLAMENTO DE GALICIA

Votos en contra: 9
Abstencións: 0

2.3 11585 (12/PNC-0001103), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece a todos o seu traballo e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 12:45 horas.

Carmen Pomar Tojo

Firmado digitalmente por Carmen Pomar Tojo
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Carmen Pomar Tojo, email=carmen.pomar.tojo@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.02.03 14:14:31 +01'00'

V.º e pr.
Carmen Pomar Tojo
Presidenta da Comisión

Paulo Ríos Santomé

Firmado digitalmente por Paulo Ríos Santomé
Fecha: 2025.02.03 12:02:55 +01'00'

Paulo Ríos Santomé
Secretario da Comisión